

Rexurdimento pleno I: Rosalía de Castro

1. Introducción

2. Rosalía de Castro

2.1. A súa vida

2.2. A súa obra

2.2.1. *Cantares gallegos*

2.2.2. *Follas Novas*

2.2.3. Obra galega en prosa

2.3. A lingua

2.4. A métrica e os recursos estilísticos

1. Introducción

Rexurdimento é o nome co que se coñece o século XIX (ou a segunda metade do mesmo) na historia de Galicia e expresa unha traxectoria de recuperación non só literaria, senón tamén cultural, política e histórica. A publicación en 1863 de *Cantares Gallegos*, obra escrita integramente en galego por Rosalía de Castro, inaugura o Rexurdimento Pleno, e as obras anteriores a esta data acostuman clasificarse como pertencentes aos precursores. A Rosalía hai que engadir a Eduardo Pondal, Valentín Lamas Carvajal e mais Manuel Curros Enríquez como os principais escritores en galego desta época.

Na primeira metade do século XIX, Galicia foi escenario dunha serie de acontecementos que esbozaron unha nova situación político-cultural que preparou o camiño para o chamado Rexurdimento. Esta época é coñecida como a dos Precursores como ben sabes.

Alguns acontecementos históricos importantes contribuíron para espertar a consciencia nacionalista de moitos galegos (non chamada así naquela altura). Un deles foi a invasión francesa, que deu lugar á circulación de textos de axitación popular escritos en galego. A consciencia dunha Galiza diferenciada do resto de España foi aumentando progresivamente. Esta procura da identidade manifestouse en publicacións nas cales os escritores e políticos valorizaban aquilo que vían como propio en oposición ao exterior, considerado como ameaza.

O Rexurdimento propiamente dito só chegaría coa publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro en 1863, obra que marcou a madurez deste *rexurdir* da cultura galega. Outros escritores destacados foron Curros Enríquez e Eduardo Pondal, que proporcionaron ao galego a plenitude literaria que perdera desde algúns séculos atrás.

A presenza da lingua galega nos xornais contribúe ao prestixio da lingua. No ano 1876 editase, promovido por Valentín Lamas Carvajal, o considerado pioneiro dos xornais integramente en galego, *O Tío Marcos da Portela*. Este xornal, con marcado carácter anticaciquil, tivo un enorme éxito popular. Entre os anos 1886 e 1888 vaise consolidando o xornalismo na Galiza, coa aparición de novas iniciativas monolingües: *O Galiciano*, en Pontevedra; *A Monteira* en Lugo; e *As Burgas*, en Ourense.

2. Rosalía de Castro

2.1. A súa vida



Naceu en Santiago no ano 1837. Súa nai era unha fidalga, dona Tareixa de Castro, e o seu pai un clérigo, don Xosé Martínez Viojo que non puido lexitimar a súa filla. Os primeiros anos de vida pásaos Rosalía na aldea, ao coidado das súas tías paternas. Máis adiante, no ano 1850, a nai faise cargo dela e van vivir as dúas a Santiago. Nesta cidade Rosalía de Castro frecuenta os ambientes progresistas relacionados co espírito do provincialismo. En 1856 viaxa a Madrid e alí publica a súa primeira obra en castelán, *La Flor*. Nesta cidade coñece ao historiador coruñés Manuel Murguía e casa con el no ano 1858. Deste matrimonio naceron sete fillos, dous dos cales morreron sendo nenos. Acompañando ao seu home en diferentes destinos como Funcionario do Estado, reside en distintos puntos da xeografía española ata que se instalan en Simancas onde Murguía ten o cargo de xefe do Arquivo. É durante estes anos cando Rosalía compón o seu libro *Cantares Gallegos* e moitos dos poemas de *Follas Novas*, ademais da maior parte das súas novelas, todas elas en castelán.

No ano 1871 volve definitivamente a Galicia ao ser nomeado Murguía xefe do Arquivo Xeral de Galicia, e reside na Coruña, Santiago, Lestrove e Padrón.

Os últimos anos da súa vida transcorren en Padrón baixo os efectos dunha dolorosa enfermidade. Aquí remata a súa obra poética cos libros *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, este último en castelán.

Rosalía de Castro morre en Padrón no ano 1885.

4.2. A súa obra

A obra de Rosalía de Castro, coñecida e admirada internacionalmente, constitúe un dos fitos máis destacados da literatura galega de todos os tempos. A súa obra é abondosa e non só se centrou na poesía xa que escribiu narrativa, ensaio, cadros de costumes e artigos periodísticos. A lingua que utilizou na prosa foi o maioritariamente o castelán, agás no *Conto gallego* (1864) e nos prólogos de *Cantares gallegos* e *Follas Novas*. En canto á poesía utilizou o galego e castelán. Podemos, incluso, dividir a súa obra en canto ao uso dunha lingua ou outra, pois antes da publicación de *Cantares gallegos* (1863) a lingua predominante nas súas composicións foi o castelán e, tras a saída do prelo deste poemario, a lingua galega será a que predomine nos seus escritos. Non obstante, en 1884 volve a utilizar o castelán na obra *En las orillas del Sar*. Esta obra, xunto con *La flor* (1857) e *A mi madre* (1862) conforman a obra poética en castelán da autora. En canto as novelas nesa lingua destaca *El caballero de las botas azules* (1867), na cal fai unha crítica á sociedade madrileña antes da revolución de 1868, e outras como *La hija del mar* o *El loco*.

4.2.1. *Cantares gallegos*

A saída á rúa deste poemario, primeiro libro escrito integramente en galego, foi o día 17 de maio de 1863, e esta data é considerada como o inicio do **Rexurdimento pleno** e a consagración do galego como lingua literaria. É por isto que, cen anos despois, o 17 de maio foi instituído como data anual para a celebración do Día das Letras Galegas. Antes da súa publicación o galego a penas tiña presenza no ámbito literario. Os cancioneros medievais aínda non se coñecían nin existían recompilacións da lírica popular. Ata 1863 a obra máis destacada en galego era *A gaita gallega* (1853) de Xoán Manuel Pintos.

Para entender ben este libro é necesario considerar factores como o coñecemento que tiña a autora da música e da fala populares, aprendidas nos seus primeiros anos de estadía na aldea. A súa publicación é froito do clima europeo da época de reivindicación das culturas autóctonas, propiciado polo Romanticismo. É polo tanto unha publicación de inspiración popular polos temas que trata, pola capacidade da escritora de captar a actitudes e as vivencias do pobo, por asumir como propios os seus cantares e pola lingua e forma de expresión que utilizou. O éxito de *Cantares Gallegos* foi grande e inmediato, dentro e fóra de Galicia.

A súa importancia e relevancia pódese sintetizar en:

- É o primeiro libro de certo valor poético escrito en galego moderno.
- É un alegación contra todos os que desprezaban Galicia.
- Denuncia a marxinação á que estaban sometidos os labregos, os emigrantes e as mulleres.
- Reivindica a validez e a capacidade da nosa lingua para escribir todo tipo de poesía.
- Convértese nun modelo a seguir ao publicarse durante décadas despois poemarios imitando o seu contido.

Estrutura

Rosalía de Castro explica que compuxo este libro como imitación do Libro de las cantares (1852) de Antonio Trueba, de quen tomou a idea de glosar cantares populares. Este cantar pode ir antes de cada estrofa, no final ou no comezo do poema.

O libro consta de trinta e cinco poemas, cun prólogo e un epílogo que lles presta carácter unitario e circular. No prólogo convídase a cantar á “meníña gaitreira”:

*Has de cantar,
meníña gaitreira;
has de cantar,
que morro de pena.*

E no epílogo esta dá por rematado o seu labor e pola pouca graza que ten:

*Eu cantar, cantar, cantéi,
a grasia non era moita,
que nunca (delo me pesa)
fun eu meniña grasirosa.
Cantéi como mal sabía
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero dempóis paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa.
(...)
Eu cantar, cantar, cantéi,
a grasia non era moita.
¡Mais qué faser, desdichada,
si non nacín máis grasirosa!*

Nos poemas vanse alternando as voces, aparecendo sucesivos personaxes (nalgúns é a propia Rosalía é a voz lírica) que conforman un abano da sociedade galega da época, case sempre labregos, conseguindo un retrato do pobo galego. Estes poemas teñen a súa inspiración nas formas da literatura popular tradicional e neles predominan os versos de arte menor (oito sílabas ou menos) e a rima asonante (repetición dos sons vocálicos).

Temática

En canto á temática, os poemas que compoñen este libro podemos agrupalos nos seguintes catro apartados:

1) De tema costumista.

Teñen carácter descritivo e narrativo. Utilizan o humor como recurso e neles faise unha descrición dos costumes, das crenzas, das romarías, etc. A autora aproveita esta temática para facer unha defensa da cultura popular galega. Pertencen a este grupo poemas como “Un repoludo gaitreiro”:

*Un repoludo gaitreiro,
de pano sedán vestido,*

*como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
antre os mozos o primeiro
e nas cidades sin par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
-Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

2) De tema amoroso.

Preséntanse como diálogos ou monólogos de namorados nos cales expresan as súas coitas. Por exemplo:

*Quíxente tanto, meniña,
tívenche tan grande amor
que para min eras lúa,
braca aurora e craro sol;
auga limpa en fresca fonte,
rosa do xardin de Dios,
alentiño do meu peito,
vida do meu corazón.*

3) De tema intimista.

Neles a escritora amósase máis intimamente a través das súas lembranzas persoais ou dos antepasado e das súas vivencias. Son poemas deste grupo “Campanas de Bastabales” e “Como chove miudiño”:

*Cómo chove miudiño,
cómo miudiño chove;
cómo chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.*

*¡Cómo a triste branca nube
truba o sol que inquieto aluma;
cál a crube i o descrube,
pasa, torna, volve e sube,
enrisada branca pruma!*

4) De tema político-social.

Nestas composicións atopamos o espírito reivindicativo de Rosalía. Neles exprésase o drama da emigración, a miseria dos campesiños, a soidade da muller, e, en xeral, a marxinação na que vive Galicia. Son poemas onde está presente a denuncia das inxustizas sociais nun ton de sarcasmo, ironía e dor ante problemas como a emigración ou o trato que reciben os galego fóra de Galicia. Neste grupo atopamos poemas como “Adiós ríos, adiós fontes”, “Airiños, airiños, aires”, “Castellanos de Castilla”, etc:

Castellanos de Castilla,

*tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

*-Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.*

*Aquel máis que neve branco,
aquél de dosuras cheio,
aquél por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.*

*Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.*

2.2.2. Follas Novas

Quizais sexa a obra fundamental da lírica rosaliana. Atopamos un universo novo onde se mesturan a paisaxe e a dor. A infelicidade íntima acada aquí unha esplendorosa realización artística (a propia desgraza obxectivizada). Esta infelicidade íntima, mediante un esforzo de lirismo, chega a desbotala fóra de si, personalizándoa en diversas metáforas, por exemplo “a negra sombra” “o fantasma disforme” máis grande có ceo e có mar....etc. Sempre, na paisaxe interna Rosaliana, decorre un río de dor, mentres que na paisaxe externa atopamos o máis nobre folclorismo. Afonda, neste libro, nas vivencias estéticas e pregúntase polo sentido da existencia humana.

O libro publicouse en 1880, aínda que a maioría dos poemas xa os escribira en décadas anteriores como ben explica no prólogo ela mesma. O título de Follas Novas é significativo e responde á certeza que Rosalía tiña de estar creando un universo poético novo, que ata o momento aínda que existía na literatura.

Desde o punto de vista formal, os poemas son máis breves, con menos recursos estilísticos e dispostos en combinacións métricas pouco rixidas. Mais estas combinacións crean un ritmo entrecortado, abrupto e disonante, co que a escritora busca axustarse aos sentimentos que quere expresar: angustia, desasosiego e inquietude.

A innovación da obra tamén a observamos a través do contido. Os temas de *Follas Novas* demostran a capacidade do idioma galego para expresar temas, sentimentos e inquietudes existenciais. Problemas universais dos humanos situados, agora, nun ambiente galego.

Estrutura e núcleos temáticos

O libro aparece estruturado en 5 partes ou libros formados por 137 poemas e un prólogo.

I.- Vaguedás	Poesía subxectiva (Mundo íntimo)
II.- Do íntimo	
III.- Varia	Participa dos dous criterios
IV.- Da terra	Poesía obxectiva (Mundo comunicativo)
V.- As viúvas dos vivos e as viúvas dos	

mortos	
--------	--

Non obstante, os núcleos fundamentais son dous:

A) A poesía subxectiva, lírica, existencial, na que Rosalía expresa os seus sentimentos, e que corresponde ás partes I e II. Este núcleo temático continuarase na súa derradeira obra: *En las orillas del Sar*.

B) A poesía obxectiva, colectiva, conectada tematicamente coa de *Cantares Gallegos*, que corresponde ós apartados IV e V.

A parte III "Varia " vai participar dos dous grupos.

A) A lírica solitaria ou subxectiva:

No primeiro, que fai as veces de prólogo poético e consta de 20 poemas, Rosalía reflexiona sobre a escrita feminina ("Daquelas que cantan...") e sobre os trazos e contidos da súa propia obra ("Follas novas, risa dáme"; "Diredes destes versos, i é verdade", "Ben sei que non hai nada"). Tamén manifesta o seu estado anímico, caracterizado polo desasosiego, o pesimismo, a saudade, a melancolía e a intranquilidade ("Ando buscando meles e frescura", "A man nerviosa e palpitante o seo") e advirte, finalmente, que os seus versos non poden senón reflectir todos eses estados de ánimo. De feito, no prólogo Rosalía chega a cualificar os seus poemas como "pobres enxendros da miña tristura" e como "cousa dunha morta ben morta".

*Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Sóio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentóu,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal choróu Madalena na Pasión.*

No segundo libro, con 36 poemas, exterioriza as súas particulares reflexións metafísicas, filosóficas e intimistas sobre a insolidariedade humana, o irremediable paso do tempo, a perda das ilusións e dos soños, o amor e o desamor, o clasismo nos enterros, o contraste entre a natureza fermosa e o espírito humano atormentado, a actitude intransixente da Igrexa católica nalgúns asuntos como o suicidio ou o matrimonio, a lexitimidade da violencia como arma contra a inxustiza, o desexo de morrer ou o suicidio como vía de liberación de tanto sufrimento, etc.

Soia

*Eran craro-los días,
risoña-las mañáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.*

*Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo iña a esculcar.*

*Tomóu un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.*

*Ó cabo dos tres días,
botóuna fora o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soía enterrada está.*

O peculiar tratamento que Rosalía outorga a estas cuestións transcendentais ten servido para falar da nosa autora como precursora das correntes filosóficas existencialistas que floreceron en Europa na segunda metade do século XX (Jean-Paul Sartre, Albert Camus...).

B) A lírica solidaria ou obxectiva:

Nesta poesía, Rosalía quere deixar clara a súa plena identificación co pobo galego, a comunión total coa súa maneira de ser, cos seus valores, costumes, cultura e idioma. Hai varios poemas en "Da terra" que recordan o estilo e o espírito dos que compoñen *Cantares gallegos*. Topamos así, novamente, personaxes e escenas populares: "Miña casiña, meu lar", "A probiña que está xorda". Tamén hai denuncias sobre a discriminación e explotación da muller ("Xan")...

*Miña casiña, meu lar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!*

*Vin de Santiago a Padrón
cun chover que era arroiar,
descalciña de pe e perna,
sin comer nin almorzar.
Polo camiño atopaba
ricas cousas que mercar,
i anque ganas tiña delas,
non tiña para as pagar.
Nos mesóns arrecendía
a cousas de bon gustar,
mais o que non ten diñeiro
sin elas ten que pasar. (...)*

Finalmente, en "As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos", con 31 poemas, Rosalía céntrase no fenómeno da emigración e nas causas que a provocan (excesivos impostos, atraso económico, abusos dos poderosos, fames...). Vaino facer sobre todo desde a solidariedade, a admiración e a identificación coas mulleres campesiñas galegas do seu tempo, como grupo máis representativo do pobo, condenadas a vivir en soidade, valéndose por si mesmas, criando en solitario os fillos, con dobre xornada de traballo (no campo e máis na casa), etc.

*Pra Habana
Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;*

*eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!" (...)*

Actuando a xeito de "ponte" entre os dous primeiros apartados e os dous últimos achamos o terceiro libro, "Varia", onde Rosalía expón en 40 poemas a realidade múltiple e complexa que rodea o "eu" que falou nos apartados anteriores. Destaca entre esta realidade o sufrimento da xente, especialmente o das mulleres, e problemas sociais como a miseria e a emigración. A obra expresa, polo tanto, unha viaxe desde o "eu" ao "nós", da individualidade á colectividade, do intimismo radical á identificación coa colectividade. Pásase ademais do subxectivismo, propio dos dous primeiros libros, a unha maior obxectividade nos dous últimos.

*Tembra un neno no húmido pórtico...
Da fame e do frío
ten o sello o seu rostro de ánxel,
inda hermoso, mais mucho e sin brillo.*

*Farrapento e descalzo, nas pedras
os probes peñños,
que as xiadas do inverno lañaron,
apousa indeciso;
pois parés que llos cortan coitelos
de aceirados fíos.*

*Coma can sin palleiro nin dono,
que todos desprezan,
nun curruncho se esconde, tembrando,
da dura escaleira.
E cal lirio se dobra ó secárese,
o inocente a dourada cabeza
tamén dobra, a esvaesido ca fame,
e descansa co rostro nas pedras. (...)*

Follas Novas demostrou na práctica a capacidade do idioma galego para abordar e expresar todo tipo de temas, sentimentos e inquietudes existenciais. Por esa razón, entre outras, a súa acollida foi menos entusiasta que a dos *Cantares*, e nalgúns casos francamente hostil. Dalgunha maneira, este inspirado e profundo libro de Rosalía deixaba entrever a posibilidade de que os escritores galegos, cunha literatura de seu na lingua do país, non necesitasen outra lingua para a abordaxe satisfactoria de determinadas temáticas literarias que se tiñan considerado ata ese momento patrimonio exclusivo do castelán.

4.2.3. Obra galega en prosa

A obra en prosa de Rosalía de Castro ten unha importancia moito menor que a súa obra poética. Tres son as mostras desta prosa que se conservan: o "Prólogo" de *Cantares Gallegos*, no que dá a coñecer as súas intencións que son as de defender a lingua e atacar aos que se comportan inxustamente con Galicia, tamén atopamos neste prólogo a reivindicación que a autora fai da cultura galega. En "Dúas palabras da autora", texto de *Follas Novas* que serve de prólogo e xustificación ao libro, atopamos a dor propia e allea, os problemas da xente máis humilde, en

especial das mulleres e da privacidade dos seus dereitos coma o de a escribir. Finalmente, o relato *Conto gallego*, que apareceu postumamente, no ano 1923, e que ten carácter popular e costumista. Este conto ten un argumento sinxelo: dous amigos apostan sobre se un deles será quen de conquistar unha viúva no mesmo día do enterro do seu home. A muller cede ás pretensións do mozo, motivada pola indefensión económica e legal en que quedaba ao ficar soa. Deste xeito, a pesar da aparencias, é unha alegación claramente feminista.

4.3. A lingua

Cando Rosalía de Castro, como os outros autores do Rexurdimento, escribe as súas obras, o galego carece de tradición literaria culta, temos que lembrar que nesa época nin sequera se coñecía a existencia das cantigas medievais. Non había tampouco ningunha norma que unificase a ortografía, de aí que atopemos nos seus poemas o que hoxe se consideran vulgarismos e castelanismos. A autora baséase na fala popular, particularmente das zonas de Santiago e Padrón (o trazo dialectal que máis predomina é o seseo, empregado case para dar emotividades) e é perfectamente consciente das súas limitacións neste sentido. Vexamos as súas propias palabras:

*Sen gramática nin regras de ningunha clase o lector
atopará moitas veces faltas de ortografía, xiros que
disoarán ós oídos dun purista; pero ó menos, e para
disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado
en reproducilo verdadeiro espírito do noso pobo (...)*

4. 4. Métrica e recursos estilísticos

En *Cantares gallegos* predominan as formas métricas de arte menor. Algunhas son de procedencia popular como o ritmo da muiñeira e o romance, que é a forma máis frecuente. Outras son de orixe culta coma a décima, a oitava real, a sextina, cuarteta, redondilla... e o verso de arte maior só está presente nunha soa composición (“Aló no currunchiño máis fermoso”).

O carácter tradicional e innovados de *Follas Novas* que atopamos na temática, tamén está presente na métrica. A rima asonante, o ritmo da muiñeira e as redondillas danlle características populares, mais o carácter innovador dáse no uso de versos de arte maior, nas combinacións métricas insólitas (octosílabos con hendecasílabos, por exemplo) e no emprego de estrofas diferentes nun mesmo poema.

O recursos estilísticos tamén son de inspiración popular. A repetición e a antítese intensifican o contido semántico e aumentan os efectos rítmicos e musicais dos poemas. Destaca nas súas composicións o uso da anáfora, o paralelismo e o campo asociativos antitéticos coma luz/sombra, húmido/seco...

As metáforas e os símbolos achéganlle o carácter culto ás composicións. Para expresar os seus sentimentos íntimos utiliza unha serie de símbolos populares como o cravo, a sombra, o caravel, a fonte, o mar...